



AGENCIA NACIONAL DE EVALUACIÓN
DE LA CALIDAD Y ACREDITACIÓN



DOCENTIA

**(Programa de apoio para a avaliación
da actividade docente do profesorado
universitario)**

Convocatoria 2007

Este documento é propiedade de ANECA. Non está permitida a reprodución total ou parcial, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, sen o permiso previo e por escrito de ANECA, a cal non poderá ser considerada responsable de eventuais erros ou omisións na edición do documento.

1 Introducción

As universidades teñen a responsabilidade fundamental sobre a calidade dos seus estudos e representan o factor máis relevante na configuración dun verdadeiro espazo europeo de educación superior. Nun contexto de Educación Superior onde as universidades europeas asumen a responsabilidade de ofrecer un ensino de calidade, a cualificación e competencia do profesorado universitario é un dos elementos que ofrecen máis confianza sobre a capacidade das universidades para cumprir o seu compromiso ante a sociedade.

No contexto actual, as universidades asumen cada vez máis unha maior responsabilidade nos procedementos de contratación e nomeamento do seu profesorado e, en consecuencia, deben desenvolver procedementos para a valoración do seu desempeño, así como para a súa formación e estímulo, e así garantir a súa cualificación e competencia docente. A avaliación da actividade docente resulta especialmente relevante para as universidades na medida en que a garantía de calidade dos seus estudos pasa por asegurar non só a cualificación do seu persoal de profesores, senón especialmente, a calidade da docencia que nela se imparte.

Ademais, o marco legal vixente asociou a avaliación da actividade docente á posibilidade de que o Goberno ou as Comunidades Autónomas establezan retribucións adicionais ao profesorado universitario. Este incentivo docente podería ter efectos positivos de cara a incrementar a consideración da actividade docente.

Co Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente (DOCENTIA), ANECA pretende satisfacer as demandas das universidades e a necesidade do sistema educativo de dispoñer dun modelo e duns procedementos para garantir a calidade do profesorado universitario e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento.

Este programa deseñouse de modo que, dentro da autonomía das universidades, oriente a actuación destas ao tempo que potencia o papel cada vez máis relevante que as universidades han de xogar na avaliación da actividade docente e no desenvolvemento de plans de formación do seu profesorado.

O programa toma en consideración o compromiso de ANECA de participar e apoiar os distintos marcos de colaboración técnica coas universidades, as axencias

autónomas e as Administracións Educativas das Comunidades Autónomas. Neste sentido, o programa pretende ser un marco aberto á participación das devanditas institucións.

2 Obxectivos da convocatoria

O obxectivo do Programa que se pretende cubrir coa presente convocatoria é apoiar as universidades no deseño e aplicación de procedementos propios de avaliación da docencia co fin de garantir a calidade docente do seu profesorado e favorecer o desenvolvemento e recoñecemento deste, mediante a súa avaliación externa por unha axencia.

3 Participantes

A presente convocatoria está dirixida a todas as universidades españolas.

4 Procedemento para presentarse á convocatoria

As universidades interesadas deberán cumprir a solicitude de participación no programa de apoio á avaliación docente do profesorado (DOCENTIA) segundo o modelo que figura no **anexo I** deste documento. A solicitude deberá levar a sinatura do representante legal da universidade.

A solicitude deberá enviarse a **ACSUG** á dirección de correo electrónico docentia@acsug.es e por correo postal a:

ACSUG-Programa DOCENTIA
IES Compostela-5ª planta
Rúa Lamas de Abade, s/n
15702 Santiago

No caso das universidades galegas, dado que ACSUG formalizou o oportuno convenio con ANECA (ver a relación de axencias no anexo II), tramitarán a súa solicitude de participación nos termos establecidos pola ACSUG, garantindo así a coherencia da súa participación coas directrices da política de calidade establecidas pola súa comunidade autónoma.

A presentación da solicitude implica a aceptación das condicións desta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes á ACSUG será **ata o 10 de abril de 2007**.

5 Formalización da participación

ANECA e as Axencias de Avaliación das CCAA publicarán nas súas respectivas páxinas Web as universidades participantes na presente convocatoria.

6 Fases do programa

O cronograma das fases do programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario é o seguinte:

1. A publicación da convocatoria, das guías e ferramentas na web ANECA o 5 de marzo de 2007.
2. A formación no programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado (DOCENTIA) a responsables técnicos das universidades realizarase durante o mes de abril de 2007.
3. A fase de deseño, por parte das universidades participantes, de modelos e procedementos para a avaliación da actividade docente do profesorado desenvolverase durante os meses de abril a setembro de 2007.
4. A verificación do deseño de modelos e procedementos de avaliación comezará a principios de outubro de 2007 e finalizará a finais deste mesmo ano.
5. ANECA e a Axencia de Avaliación autonómica correspondente remitirán ás universidades participantes un informe de verificación. Este informe de verificación poderá ser positivo, negativo ou positivo con condicións. Neste último caso, a universidade disporá dun prazo de 6 meses, a contar desde o

momento da recepción do informe, para solucionar as non conformidades sinaladas neste.

6. As universidades implementarán o deseño da avaliación da actividade docente do profesorado a partir de 2008.
7. A certificación dos resultados obtidos mediante o procedemento de avaliación aplicado nas universidades realizarase a partir de 2010.

7 Seguimento e coordinación do programa

O seguimento e coordinación do programa realizarase mediante unha comisión de seguimento na que participarán representantes de todas as axencias implicadas e presidida por ANECA.

8 Financiamento do programa

ANECA en colaboración con ACSUG ocuparase de formar o persoal técnico das universidades galegas participantes.

ACSUG financiará os gastos de viaxes e aloxamento que xere a asistencia á formación dos avaliadores.

ANEXO I: Ficha de solicitude

_____ en calidade de representante legal da Universidade
_____ con domicilio en _____, CIF
_____ expoño o interese desta universidade en participar na
presente convocatoria do Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do
Profesorado Universitario (DOCENTIA), e para que conste,

Asdo.:

_____, _____ de 2007

Universidade		
Nome da persoa designada para levar o programa		
Facultade ou escola universitaria		
Cargo		
Enderezo		C.P.
Enderezo electrónico		
Teléfono		

ANEXO II: Relación de Axencias de Avaliación Autonómicas que formalizaron, ou están en trámite de formalización, do convenio de colaboración con ANECA para a realización do Programa de Apoio á Actividade Docente do Profesorado (DOCENTIA)

1 Axencias de Avaliación autonómicas que asinaron o convenio

- Agencia Andaluza de Evaluación de la Calidad y Acreditación Universitaria (AGAE)
- Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari a Catalunya (AQU)
- Agència de Qualitat Universitària de les Illes Balears (AQUIB)
- Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)
- Euskal Unibertsitate Sistemaren Kalitatea Ebaluatu eta Egiatzatzeko Agentzia (UNIQUAL)

2 Axencias de Avaliación autonómicas en trámite de formalización do convenio

- Agencia de Calidad, Acreditación y Prospectiva de las Universidades de Madrid (ACAP)
- Agencia Canaria de Evaluación de la Calidad y Acreditación Universitaria (ACECAU)
- Agencia de Calidad y Prospectiva Universitaria de Aragón (ACPUA)
- Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Castilla y León (ACUCYL)
- Comissió Valenciana d' Acreditació i Avaluació de la Qualitat del Sistema Universitari de València (CVAEC)